



**NARÓN**

## CONCELLO DE NARÓN

### Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/53	GOB19I00EV	
<div>1M5U 5W1F 6F5J 3S1T 0G3K</div>		

### ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE E NOVE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

#### SRES/AS ASISTENTES:

##### SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

##### SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

PRESIDENTE - FERREIRO DIAZ,  
MARIANTERRA GALEGA VOCAL - RAMOS  
RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO  
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL,  
M.DEL MAR  
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ,  
OLGA  
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO,  
MARIA DEL CARMEN  
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE

##### NON ASISTE:

TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO,  
ROMAN

##### SRA. INTERVENTORA XERAL:

D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

##### SR. SECRETARIO XERAL:

D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-  
CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinte e nove de maio de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, deulle a súa aprobación.

#### **2.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A FINANCIACIÓN DOS GASTOS DE PERSOAL DA OFICINA DE TURISMO DE FREIXEIRO 2025** ..- Vista a proposta formulada que di así:

A Técnico de Promoción Económica e Programas de Cooperación, en data 25/04/2025, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código TUR19I005P que di:

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	TUR/2024/26: Subvención para a financiación dos gastos de persoal da oficina de Turismo de Freixeiro 2025

DESTINATARIO	Alcaldía/Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da aceptación de subvención

Con data 25/04/2025 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código TUR19I005O que dí:

“

Con data 22/04/2025 a Técnica de Promoción económica e programas de cooperación elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe proposta que dí:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Resolución
EXPEDIENTE	TUR/2024/26: Subvención para a financiación dos gastos depersoal da Oficina de Turismo de Freixeiro 2025
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Aceptación de subvención

Na súa sesión do 07/11/2024, a Xunta de Goberno Local deste Concello aprobou a solicitude, á Deputación da Coruña, da subvención para a financiación dos gastos depersoal da oficina de Turismo de Freixeiro 2025, por importe de 14.800,00 €, que supoñía o 100,00% do orzamento estimado do proxecto segundo o plan de financiamento provisional que obra no expediente.

No BOP nº 50, de 14 de marzo de 2025, publicouse a resolución do presidente da Deputación da Coruña relativa á concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa DP0029, dirixido a concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2025, concedendo a este Concello a seguinte subvención:

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Pto. subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DE NARÓN NIF: P1505500G Cod. Exp.: 2024000045670 Obxecto: FINANCIAR O GASTO DE PERSOAL DA OFICINA DE TURISMO DURANTE O EXERCICIO 2025	14.800,00 €	1,0000	14.800,00 €

Resultan de aplicación, para aceptar a subvención, os seguintes

## FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Resolución de presidencia da Deputación Provincial da Coruña pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto do persoal das oficinas de turismo en 2025, publicadas no BOP nº 42114 do 16 de outubro de 2024 e unha posterior resolución modificando as bases número 51299 do 10 de decembro do 2024 cuxo extracto foi publicado no BOP número 243

- Resolución de presidencia da Deputación Provincial da Coruña pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa DP0029 dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2025, publicada no BOP nº 50, de 14 de marzo de 2025.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, estalei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que correspondente a resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de aceptación de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a proposta nunha sesión ordinaria en prazo suficiente antes de que expire o prazo outorgado para a súa aceptación, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aceptación edo acto de avocación.

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2024 prorrogados para o ano 2025. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobada, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do Plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación correspondente expediente de modificación de crédito por xeración. A tal efecto, quen subscribe elaborou o Plan de financiamento adxunto e código TUR19I005C. Logo da aceptación da concesión da subvención, procederá a xeración do importe concedido nas aplicacións orzamentarias sinaladas en dito plan.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe eleva a Alcaldía-Presidentencia a seguinte

## PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de aceptación de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

**SEGUNDO:** Aprobar o seguinte Plan de financiamento definitivo (que aquí se amosa resumido) para a subvención para a financiación dos gastos de persoal da oficina de Turismo de Freixeiro 2025, de acordo co establecido no informe adxunto TUR19I005C

Proxecto	Financiamento dos gastos de persoal da Oficina de Turismo de Freixeiro 2025	
Importe total	14.800,00 €	
Financiamento externo	14.800,00 €	
Achega municipal	0,00 €	
Aplicacións	4320 22799	Turismo – Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.

orzamentarias	46109	Deputación-Outras transfer
---------------	-------	----------------------------

**TERCEIRO:** Aceptar da Excma. Deputación da Coruña a subvención para a financiación dos gastos de persoal da oficina de Turismo de Freixeiro 2025, por importe de 14.800,00 €.

“

Visto dito informe e logo do informe de conformidade da Intervención deste Concello (documento adxunto de código ICO19I0037), esta Alcaldesa

**RESOLVE**

*Primeiro: Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.*

“

*En cumprimento do establecido no punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidentencia:*

*Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.*

“

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO19I0037, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**3 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ANULACIÓN DE FACTURAS/LIQUIDACIÓN E EMISIÓN AO NOME DOS PROPIETARIOS A 01.01.2025 EN PRAZA TRANVIAS .-** Vista a proposta formulada que di así: Dáse conta a esta Xunta de Goberno, que por resolución da Alcaldía (ING19I04UM), de data 27/05/2025, acordouse:

“Primeiro. – Avogar con carácter singular a competencia delegada, por Resolución da Alcaldía de 22.06.2023, na Xunta de Goberno Local para a anulación de liquidacións/facturas emitidas a nome de VIACOR INMOBILIARIA SL (B15970494) incluídas no padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 1º trimestre do ano 2025; así como para a aprobación das liquidacións emitidas a nome das propietarias a 01.01.2025

Segundo.- Anular as facturas/liquidacións, que de seguido se indican, incluídas no padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 1º trimestre de 2025 aprobado por Resolución de Alcaldía de 25.03.2025, núm. 616/2025; emitidas a nome de VIACOR INMOBILIARIA SL (B15970494), en base á fundamentación xurídica exposta, ao non ser a propietaria dos inmobles na data do devengo:



Número abonada	Id auga/saneam/dep	Id lixo	Id canon	Auga	Saneam.	Depur.	Lixo	Aluguer contador	Canon	IVE	Total
36406	16952501P0001085	16952501P0000781	16952501P0000984	14,2	14,15	5,5	27,66	1,89	1,53	3,79	68,72
36890	16952501P0001087	16952501P0000783	16952501P0000986	14,2	14,15	5,5	27,66	1,89	1,53	3,79	68,72
41066	16952501P0001090	16952501P0000786	16952501P0000989	14,2	14,15	5,5	27,66	0	1,53	3,39	66,43
41322	16952501P0001092	16952501P0000788	16952501P0000991	14,09	14,03	5,37	27,66	0,32	0,26	3,42	65,15
41337	16952501P0001091	16952501P0000787	16952501P0000990	14,09	14,03	5,37	27,66	0,38	0,31	3,43	65,27
				70,78	70,51	27,24	<b>138,30</b>	4,48	5,16	17,82	334,29

Terceiro.- Avogar con carácter singular a competencia delegada, por Resolución da Alcaldía de 22.06.2023, no Concelleiro Delegado de Facenda e Novas Tecnoloxías, para a aprobación das liquidacións pola taxa de recollida de RSU do 1º trimestre/2025 a nome dos propietarios a 01.01.2025

Cuarto.- Aprobar a relación de liquidacións do 1º trimestre de 2025, que comeza por ALVARIÑO RAMOS, MIGUEL e remata por SAREB SA, emitidas polo concepto de TAXA POLA RECOLLIDA DE REFUGALLOS SÓLIDOS URBANOS, có seguinte detalle:

Núm. de cargo	Nº liquidacións	Tarifa aplicada	Importe Total
2025000442001	5	C.a)	138,30

Ordenando a notificación das liquidacións practicadas a cada unha das persoas interesadas con indicación dos prazos e forma de pagamento así como os recursos pertinentes

Quinto.- Notificar o presente acordo ás interesadas, indicándolle que que pon fin á vía administrativa e, contra el, poderá interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da dita resolución, ou no prazo de seis meses a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto, segundo establece o artigo 46.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Sen prexuízo de que poida exercer calquera outro que estime procedente.

Sexto.- Dar traslado do acordo á Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico SA (COSMA) para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Sétimo.- Ordenar se leven a cabo as operacións e/ou rexistros contables derivadas do acordo.

Oitavo.- Dar conta do acordo á Xunta de Goberno Local aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**4 .- DAR CONTA DA ANULACIÓN DE RECIBOS DO PADRÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DOS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2025.-**

Vista a proposta formulada que di así: Dáse conta a esta Xunta de Goberno Local que por resolución do concelleiro delegado de Facenda (ING19I04LM), de data 22/05/2025, acordouse:

“PRIMEIRO: Anular os recibos correspondentes aos padróns dos cursos e actividades das instalacións deportivas dos meses de marzo e abril de 2025, a nome de D. José Carlos López Rodríguez con NIF: \*\*\*\*\*, con referencias internas: 498175 e 504791, cun importe de 17,55€ cada un.

SEGUNDO: Comunicar o acordo adoptado aos servizos económicos do Concello, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Notificar o acordo adoptado ao interesado con ofrecemento dos recursos legalmente previstos e prazos para a súa interposición.

CUARTO: Dar conta a Xunta de Goberno Local do acordo adoptado.”

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4